



Á vista do escrito da profesora dona Rosario Álvarez Blanco, Directora do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir ao alumnado en prácticas da titulación de Grao en Enxeñaría Informática, esta REITORÍA

-Considerando que no Grao en Enxeñaría Informática recóllese a posibilidade de que o alumnado realice prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o Instituto da Lingua Galega arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación do Grao en Enxeñaría Informática, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

#### RESOLVE

Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulación de Grao en Enxeñaría Informática nas instalacións do Instituto da Lingua Galega, que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 225 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos.(9créditos ECTS).
- O Instituto da Lingua Galega dotará a estada do período non lectivo dos meses de xullo, agosto e setembro, cunha bolsa de estudos cun mínimo de 200 euros mensuais, e durante o período lectivo cun mínimo de 100 euros mensuais, salvo casos excepcionais. Esta cantidade será aboada ó final da actividade na conta da USC no Banco Santander número 0049-2584-96-1710921870. Posteriormente a USC aboará a cantidade correspondente a cada alumno.
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de Título desta titulación de acordo coa Dirección do Instituto da Lingua Galega, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- O feito de que o alumnado realice prácticas no Instituto da Lingua Galega non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- A Comisión de Título do Grao en Enxeñaría Informática nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Instituto da Lingua Galega nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do Instituto da Lingua Galega
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Instituto da Lingua Galega emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2011

O REITOR



Juan José Casares Long

**SR. DIRECTOR DA ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA  
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA  
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA  
Dª ROSARIO ALVAREZ BLANCO"**